



# BOLETÍN INFORMATIVO Nº 81

## MARZO 2013

Lugo: Pazo de Feiras e Congresos Avda. da Fábrica da Luz s/n – 27004 Lugo

Allariz: Rúa do Portelo, 4 – 32660 Ourense

Tfno/Fax: 982 245 142 – Correo Electrónico: [ovica@ovica.org](mailto:ovica@ovica.org) – Páxina web: [www.ovica.org](http://www.ovica.org)

### Convocadas as Asembleas Xerais Ordinarias de OVICA e Vélaro

O vindeiro sábado 13 de abril ás 11:00 no Hotel Alfonso IX (Sarria – Lugo) convocouse a asemblea xeral de OVICA, logo dun xantar, seguirase ca asemblea xeral da cooperativa Vélaro ás 16:00 no mesmo lugar.

Así pois, os gandeiros poderán compartir un día para xuntarse e aproveitar para comentar a situación das entidades e do sector.

**Lembrade! Hai que reservar antes do día 11 de abril para participar no xantar!**  
**982 245 142 / 687 778 013 / 669 128 946**

**Esperámosvos alí!**

### Axuda para compensar as desvantaxes específicas que afectan os/as agricultores/as do sector ovino

Nesta solicitude de PAC 2013 os socios da cooperativa Vélaro poden solicitar a axuda específica ao sector ovino, para iso deben poñer o nome da cooperativa e o NIF: **F-27429968**. A cooperativa enviou un certificado de pertenza ós socios, aínda que non é obrigatorio presentalo, para que, se o desexan o poidan entregar na súa Oficina Agraria Comarcal no momento de entregar a documentación da PAC.



### CURSOS DE OVINO-CABRUM EN ECOLÓXICO

Grazas á gran afluencia de solicitudes, este mes de abril iniciarase o primeiro curso de ovino e cabrún en ecolóxico do programa Fómate en Verde, organizado pola Deputación de Lugo e no que participa OVICA.

Os requisitos dos solicitantes son:

- Estar censado na provincia de Lugo
- Non estar censado no Concello de Lugo
- Os cursos teñen un límite de alumnos de: mínimo 15 e máximo 25
- O criterio de selección é por rigoroso orden de inscrición

Varios socios de OVICA xa se inscribiron, os que xa esta estades apuntados, en breve, chamarásevos para confirmar a asistencia e ultimar os detalles do curso.

**Animádevos!**

**Queres formarte no sector da gandería ecolóxica?**

Unha oportunidade para ti. Apúntaste?



# CAIXA RURAL GALEGA

## SANIDADE - A Febre Q

Miguel Viña Vázquez

Veterinario responsable – ADSG ACIVO

A Febre Q é unha enfermidade provocada por unha bacteria chamada *Coxiella burnetii*. A pesares de ser unha enfermidade coñecida dende 1935 atópase dentro das chamadas enfermidades emerxentes. Tense detectado por todo o mundo.

Nestes últimos tempos volve a estar de actualidade debido a un importante brote que sufriu a poboación holandesa.



Aborto a termino dunha ovella

Afecta a ruminantes e animais de compañía, e atópanse implicados tamén animais silvestres. As carrachas actúan de vector da enfermidade, pero a vía de contaxio máis importante é a aérea.

No gando ovino e caprino pode causar abortos, chegando incluso en cabras a un 50% da parideira. Estes abortos son a termino de xestación. En cabras pódese repetir o aborto nas seguintes parideiras, mentres que no ovino non acontece esta situación. No momento do aborto prodúcese a liberación maior da bacteria ó ambiente. É nese intre cando é máis fácil a transmisión ás persoas que manipulan os animais. Tamén existe perigo co esterco contaminado.

A *Coxiella* é unha bacteria moi resistente no ambiente. Esta capacidade permite a súa transmisión polo aire, provocando brotes da enfermidade en lugares afastados das zonas onde se iniciou o proceso.

A Febre Q esta presente por toda a península Ibérica. En Galicia, existen certas zonas endémicas.

É unha zoonose, o que quere dicir que pode infectar as persoas. Os grupos de risco son o persoal de matadouro, laboratorios de diagnóstico, gandeiros e veterinarios. O síntoma adoita ser similar a unha gripe leve sen máis importancia. Pero en ocasións pódese agudizar provocando pneumonía ou hepatite. Tamén se pode producir de xeito menos común unha forma crónica con danos en corazón que poden provocala morte.

Para o control inclúense o tratamento con antibióticos que poden axudar a controlar un brote de abortos pero non controla a infección.

Como medidas preventivas nun brote de abortos recoméndase a eliminación rápida dos fetos e placentas, o illamento dos animais afectados, o tratamento antibiótico e evitar os partos no exterior da explotación.

Teremos que empregar guantes e roupa desbotable para reducir as posibilidades de contaxio. Tamén é importante as medidas de desinfección das instalacións.

Respecto da situación da enfermidade en Galicia. A través da ADSG ACIVO, a Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela realizou, nos anos 2011 e 2012, un estudo no que participaron 44 explotacións pertencentes a ADSG ACIVO. De todas elas 15 explotacións (un 34% dos rabaños) presentaron animais positivos a Febre Q. Desas 15 explotacións só 5 deron unha positividade superior ao 10% do rabaño, e nesas explotacións non se teñen detectados casos de abortos. Non obstante os brotes abortivos son reducidos, o que indica que **a presenza de animais positivos á enfermidade non implica o aborto do animal.**

## NOVAS BREVES

Fontes: Oviespaña, Agrodigital, CCAE, Agroinformación, Boletín agrario e infoagro, ...

### FEIRAS – Mercados e feiras do mes de abril en España

- Zafra (Badajoz). Do 12 ó 14 de abril. Exposición de cabras da raza Florida. Concurso de ovelas da raza Merina. Subhasta de ovelas das razas Berrichon du Cher, Fleischschaf, Ile de France, Merina e Merino Precoz.
- Pozoblanco (Córdoba). Do 25 ó 28 de abril. Exposición de cabras das razas Florida, Malagueña e Murciano-Granadina. Exposición de ovelas da raza Lacaune. Subhasta de ovelas das razas Berrichon du Cher, Fleischschaf, Ile de France, Merina, Merino Precoz e Segureña.
- Vitoria (Álava). 19 a 21 de abril. Subhasta de Carranzana, Latxa y Navarra.

### IDENTIFICACIÓN - A Federación Estatal de Pastores denuncia á Comisión Europea pola identificación electrónica individual

A Federación Estatal de Pastores súmase, xunto con varias organizacións de pequenos gandeiros en extensivo de diferentes países europeos (Francia, Reino Unido, Hungría, Países Baixos e Luxemburgo), á denuncia en contra da Identificación electrónica individual mediante 'chip' que a Asociación de Criadores de Ovino de Alemaña presentou no ano 2012 fronte ó Tribunal de Stuttgart, e que actualmente está pendente dunha resolución por parte del Tribunal Europeo de Xustiza.

Os motivos desta denuncia son as diferenzas que presenta o sistema na súa implantación, principalmente no formato de bolo.

*"Además de su ineficacia, este sistema conlleva numerosos trámites burocráticos y costes para los ganaderos que consideramos excesivos a todos los niveles, y que son los mismos existan o no brotes de enfermedades. En cambio en España nos encontramos con que, además de la identificación individual, los animales deben mantener obligatoriamente el crotal, lo que en la práctica supone una doble identificación obligatoria. En el supuesto de que el animal pierda el crotal, algo que en las ganaderías de extensivo entra dentro de lo posible, el coste de la reidentificación del animal está corriendo también por cuenta del ganadero, de modo que las ganaderías, especialmente las extensivas, están pagando unos sobrecostes que consideramos totalmente injustos", aseguran nun comunicado da Federación.*

### MANEXO – O pastoreo de gando ovino non ten efectos negativos na calidade do solo

Científicos do Servizo de Investigación Agrícola (ARS) de Estados Unidos están aconsellando ós gandeiros sobre cómo o pastoreo do gando ovino nos campos de barbeito pode afectar á calidade do solo.

Hoxe en día, os agricultores volven a alimentar o seu gando nos campos de barbeito, debido ao incremento dos prezos dos fertilizantes e combustibles.

Os científicos do ARS utilizaron tres sistemas de cultivo (a produción continua de trigo de primavera; unha rotación do trigo de primavera e os campos en barbeito; e unha rotación de trigo de inverno e os campos en barbeito). Os investigadores analizaron mostras de solo de varias profundidades para determinar o seu contido en materia orgánica, nutrientes, pH e condutividade eléctrica, a cal afecta á dispoñibilidade dos nutrientes e ó crecemento das plantas.

Os resultados amosaron que os animais devolveron ó solo, en forma de esterco e urina, unha porción do fósforo e do potasio consumido nos restos do trigo. O pastoreo tamén aumentou os niveis de magnesio e sodio do solo, posiblemente porque o esterco e a urina conteñen niveis altos destes minerais.

## Reforma da PAC, principais acordos ata o momento

Ó longo do pasado mes de marzo, os 27 países da Unión Europea (UE) chegaron a un acordo sobre a reforma da PAC dentro do "mandato negociador" para que a Presidencia irlandesa do Consello poida negociar, o vindeiro 11 de abril, co Parlamento Europeo e coa Comisión. O obxectivo é conseguir un acordo político sobre a reforma da PAC antes que finalice a presidencia irlandesa.

Os principais puntos acordados son:

Superficie elixible:

- Aínda que así o dixo o ministro español Arias Cañete, no documento de acordo non se engadiu a limitación da superficie potencialmente elixible, aínda que as palabras do propio ministro amosan cal é a postura de España. A "nosa" postura quere limitar a superficies potencialmente elixible á que se declarou no ano 2011, impedindo poder aumentar e ampliar a base territorial das explotacións con dereito a axuda.

Converxencia:

- Flexibilizouse o obxectivo de converxencia. O que implica que nesta nova PAC a aplicación do novo sistema de "pago por superficie" vaise aplicar dunha forma aínda máis suave da que xa se tiña previsto. Desta maneira, preténdese evitar que se produzan transvases de importes entre sectores ou territorios.

Compoñente verde:

- Axustouse e clarificouse o alcance das "prácticas equivalentes" para a xustificación do "pago verde".
- Aplicarase de forma progresiva o requirimento de diversificación de cultivos e clarifícaronse as excepcións.
- Axustáronse os ratios mínimos aplicables de pastos permanentes en relación a superficie total.
- Aplicarase de forma progresiva o requirimento sobre as superficies de interese ecolóxico, iniciándose cun 5% (en vez do 7%) e a partires do 2018 poderase incrementar ata o 7% da superficie total da explotación.

Aínda así, todos estes acordos non clarifican os grandes puntos de diverxencia e que se reclama dende o sector agrario, tales como a definición de agricultor profesional.

## COMPRA – VENTA

### – VÉNDESE SANTANA 300

4x4 con reductoras, 1,6 HDI 16 válvulas, elevallunas eléctrico, aire acondicionado, dirección asistida, enganche para remolque, radio-cd-mp3, mans libres bluetooth.

Matriculado no 2008 con 47.000 km

Consultar prezo no 687 778 013



- Véndense cachorros de mastín – 629 883 081 – Vilasantar (A Coruña)
- Véndense 26 cabras preñadas de 4 anos de idade, bo prezo – 650 611 945 – Lugo (Lugo)



ADSG  
**ACIVO**  
Agrupación de Defensa Sanitaria Gandeira  
de ovino e caprino de Galicia

